# O Complexo Medioambiental Serra do Barbanza só dispón, de media, de menos de 4 camións para a recollida do lixo, ó aprazar a Mancomunidade a renovación da frota

Insta á entidade a cumprir cos contratos para a reposición tanto dos camións como da volteadora, única forma para poñer fin ós problemas de recollida e tratamento do lixo

***Lembra a recente sentenza que, en análoga situación, responsabilizou o pasado mes á Mancomunidade dos problemas de recollida que se volven repetir un ano despois polas mesmas causas***

**Lousame, 6 agosto de 2018**

As deficiencias na recollida do lixo en distintos puntos do Barbanza, que se están a producir nos últimos días, e que de novo inciden directamente no servizo ós cidadáns, son consecuencia inequívoca da falta de renovación da frota de camións por parte da Mancomunidade. Unha situación da que o Complexo Medioambiental Serra do Barbanza leva tempo alertando e que non pode máis que lamentar polas incomodidades que xera á cidadanía pero que ten como único responsable o incumprimento do contrato por parte da Mancomunidade. Por iso os burdos intentos do ente supramunicipal por responsabilizar ó Complexo Medioambiental Serra do Barbanza non deixan de ser un novo exemplo de terxiversación no que tentar culpar a terceiros dunha situación provocada polo incumprimento do contrato por parte da Mancomunidade, pese a que a xustiza xa afeou e condenou estes comportamentos, coa sentenza emitida a principios do pasado mes por episodios similares.

O Complexo Medioambiental Serra do Barbanza só dispón, de media diaria, de 3,5 camións para a recollida do lixo dunha poboación fixa de máis de 86.000 habitantes, que

se ve incrementada durante o verán ata sobrepasar os 110.000 residentes, e que comprende uns 500 km$^2$ de superficie a atender. Un número de vehículos totalmente insuficiente e que, segundo levan tempo alertando dende a xerencia do Complexo, é previsible que incluso se reduza aínda máis se a Mancomunidade mantén a súa inactividade en canto á renovación da frota, dado que estes vehículos están sometidos a unha carga de traballo que excede as previsións á marxe de ter superado xa a súa vida útil. Estes dous factores, contribúen, sen dúbida, a incrementar o número de avarías, e nos días nos que o número de vehículos operativos é inferior, a recollida de residuos en toda a zona faise inviable.

A falta de camións para afrontar a recollida repercute directamente na cidadanía da zona, que se ve privada dun servizo que lle corresponde, debido á pasividade da Mancomunidade á hora de renovar a frota, nun incumprimento flagrante do contrato. Esta situación, que cada vez se fai máis insostible provoca que en momentos puntuais sexa imposible levar a cabo a recollida, como levan tempo alertando dende o Complexo. Os episodios repítense sen que dende a Mancomunidade afronten dunha vez por todas a renovación que debía terse levado a cabo xa no 2013.

Esta situación insostible provocou a finais de xullo un novo episodio no que non se puido levar a cabo a recollida en boa parte das zonas pola falta de camións. En concreto, os días 27, 28 e 31 o Complexo contaba tan só con 3 vehículos operativos e as avarías que sufriron algúns deles fixo imposible asumir a recollida, nalgúns casos ó non poder asumir esa carga de traballo con tan poucos vehículos e noutros porque resultaba imposible acceder a determinados puntos, xa que un dos camións avariado foi o de menor tamaño dedicado á recollida en zonas estreitas e de difícil acceso. Precisamente, o Complexo Medioambiental Serra do Barbanza, notificou novamente á Mancomunidade estas carencias puntuais no servizo de recollida pola falta de vehículos para que asuma as responsabilidades e non continúe a dilatar a renovación dos camións, xa que a situación está a ser cada vez máis insostible e este tipo de episodios máis frecuentes.

**Sentenza**

O pasado mes o xulgado veu a darlle a razón ós xestores do Complexo Medioambiental Serra do Barbanza ó condenar á Mancomunidade por unha situación ben similar que se tivera producido hai algo máis dun ano. O Xulgado do Contencioso-Administrativo Número Tres de A Coruña ditou sentenza en firme contra a sanción que no seu momento a Mancomunidade de Municipios Serra do Barbanza impuxera ó Complexo Medioambiental Serra do Barbanza pola interrupción puntual do servizo de recollida de lixo en febreiro de 2017. En concreto esta sentenza non só anula a penalización interposta pola Mancomunidade, que ascende a 1.202.02 euros, senón que responsabilizou á Mancomunidade da paralización da prestación do servizo debido a que non levara a cabo a renovación da frota de vehículos tal e como estipulaba o contrato. Deste xeito o Xulgado respalda a mensaxe que o Complexo Medioambiental Serra do Barbanza ben reiterando ante as deficiencias que puntualmente se veñen rexistrando na recollida do lixo nos concellos da área do Barbanza, e que se deben ás continuas avarías rexistradas nuns camións que deberían ter sido renovados xa no 2013 por parte da Mancomunidade.

**Camións sen reparar**

Só no mes de xullo, o Complexo Medioambiental Serra do Barbanza transmitiu á Mancomunidade varios informes nos que se recollen especificamente tanto estas últimas incidencias na recollida como a situación actual da frota de camións. Unha mostra máis de que o Complexo non deixa de redobrar esforzos para que a renovación dos camións e a maquinaria se leve a cabo por parte da Mancomunidade. Namentres, o órgano público non emitiu ningunha resposta neste tempo.

Nun destes informes, o Complexo detalla un reconto minucioso da situación actual dos camións que evidencia os reiterados incumprimentos da Mancomunidade nos últimos anos que está a provocar unha situación límite e insostible para asumir a recollida e tratamento do lixo. Deste xeito, da frota total de 8 vehículos, tres deles atópanse avariados sen que a Mancomunidade asuma nin dea a orde de reparalos. Todos acumulan varios meses á espera desas reparacións, algúns incluso levan preto dun ano avariados. A estes camións inutilizados súmase un que, xa fóra de servizo, foi despezado

pola Mancomunidade dado o seu estado. Segundo os datos do Complexo, estes vehículos que deberían ter sido renovados hai cinco anos, tiveron unha dispoñibilidade do 29% ó longo do 2017, é dicir, dos 4 vehículos unicamente estaba operativo un deles para o servizo, estando os outros tres sempre avariados. Pero esta situación incluso se veu agravada neste ano, e dende abril ningún destes vehículos estivo operativo, unha situación que se mantén a día de hoxe.

Pero o resto de camións da frota non presenta unhas perspectivas moito máis esperanzadoras, posto que os catro vehículos restantes superaron xa a súa vida útil ó ser sometidos a unha carga de traballo (quendas de mañá, tarde e noite) máis elevada para intentar suplir as carencias da falta de renovación. Isto ocasiona que agora as avarías sexan constantes e que de media estivesen operativos 2 camións para prestar o servizo. Fronte a estas avarías e carencias, a empresa xestora FFC incluso asumiu reparacións dos vehículos que agora a Mancomunidade "dun xeito desleal e sorprendente non quere asumir" e que están a ser discutidas no xulgado.

**Aluguer e devolución de camións**

Ante esta situación, a Mancomunidade alugou tres camións hai xusto un ano, vehículos todos eles que xa estaban fóra da súa vida útil e que de novo encadean avarías, o que deixou unha dispoñibilidade do 53% no 2017 e do 50% este ano. En abril deste ano, ante as carencias constantes, a Mancomunidade decidiu alugar dous camións máis, pero estes últimos foron retirados do servizo xa a principios de maio.

**Novos camións**

No canto de asumir a renovación da frota en cumprimento do contrato, a Mancomunidade limítase a prolongar no tempo estas carencias. Nun intento por aliviar minimamente a situación o órgano supramunicipal quixo anunciar a entrega de tres vehículos novos para a recollida do lixo (2 camións bicompartimentados e un monocompactador), porén estes tardaron en ser postos a disposición do Complexo e unha vez entregados e revisados dende o Complexo comprobaron que non cumprían cos pregos do contrato e as carencias que presentaban impedían o seu funcionamento adecuado e que supoñían graves problemas para a seguridade. Nalgúns casos, como é

o camión monocompartimentado que supera as dimensións especificadas no contrato estes incumprimentos do contrato inhabilítano para o seu principal cometido: acceder a zonas estreitas. Pero incluso as correccións que a Mancomunidade estaría a levar a cabo, non se adecuaron ás necesidades descritas no contrato, tal e como comprobaron no Complexo.

Neste contexto, a finais do mes de xullo unha OCA analizou os tres camións recepcionados co gaio de emitir un informe de adecuación dos vehículos sobre as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización por parte dos traballadores destes equipos de traballo.

**Máis de cinco meses sen volteadora**

Unha boa mostra da desidia no cumprimento do contrato por parte da Mancomunidade é que, ademais de entregarse menos vehículos dos establecidos por contrato e que estes non reúnan as condicións técnicas que son necesarias para a prestación do servizo, tras máis de cinco meses, segue sen entregarse a nova volteadora da instalación nin ofrecerse prazos concretos para saber cando se poderá dispoñer dela. Esta situación impide o normal desenvolvemento da actividade de compostaxe da instalación.

Ademais, isto está sometendo a un estrés excesivo e prexudicial a maquinaria coa que conta para a realización das tarefas tanto de tratamento como especialmente de recollida como consecuencia da falta de vehículos para este fin, estrés que trae como consecuencia directa o acurtamento da vida útil desta maquinaria.

A última opción barallada pola Mancomunidade é optar por unha reparación de urxencia da volteadora que non soluciona o problema nin a medio nin a longo prazo. Tal e como explican dende o Complexo Medioambiental Serra do Barbanza, esta decisión permitirá puntualmente que a volteadora volva estar operativa pero en absoluto resolve o problema real posto que este equipo quedou xa inútil para realizar un servizo.